

Javier Núñez concorrirá ás municipais cunha candidatura renovada nun 75% para consolidarse como “iniciar un camiño distinto ao que nos ten acostumados o PP”

**A lista, da que tan só repiten 4 integrantes, é un reflexo da sociedade actual e das principais necesidades dos veciños de Baleira. Ademais de mesturar experiencia, é unha aposta pola xuventude formada e traballadora e por profesionais de recoñecido prestixio e consideración social acreditada na comarca**

**O alcaldable anuncia que os principais eixos de actuación do seu programa serán o emprego, a través da potenciación do sector agrogandeiro e do polígono industrial, aproveitamento dos recursos que ofrece o Camiño e mellora dos servizos sociais**

**BALEIRA, 14 DE ABRIL DE 2015.-** A agrupación socialista de Baleira, con Javier Núñez á cabeza, vén de aprobar a candidatura coa que o PSdeG deste municipio concorrirá ás eleccións municipais do 24 de maio. Trátase dunha lista formada por 12 integrantes, e profundamente renovada, pois o obxectivo, engade o alcaldable, é “consolidarse como un equipo no que a experiencia política e a renovación, que se sitúa no 75%, vaian da man para tomar a alternativa do actual equipo de Goberno, iniciando un camiño totalmente distinto do que nos ten acostumados o Partido Popular”.

Neste senso, Núñez anuncia que os principais eixos de actuación do seu goberno darán resposta ás principais demandas e necesidades da cidadanía. Para iso, no programa, en primeiro lugar, inclúen o fomento do emprego e a consolidación de empresas no municipio. Neste senso, apostarán pola potenciación dos sectores estratéxicos para o concello, como é o agrogandeiro, ou polas oportunidades que ofrece o polígono industrial. En segundo lugar, e relacionado co anterior, darán prioridade ao aproveitamento dos recursos que ofrece o Camiño de Santiago para mellorar a economía local; e, en terceiro lugar, á mellora dos servizos sociais, co fin de prestar unha atención axeitada “a unha gran parte da nosa poboación, que supera amplamente os 65 anos”.

### **Tan só repiten 4, dos que dous son suplentes**

Asimesmo, a candidatura, da que tan só repiten 4 integrantes e, destes, dous son suplentes, é un reflexo da sociedade actual. Ademais de mesturar experiencia, é unha aposta pola xuventude formada e traballadora, así como por profesionais de recoñecido prestixio e consideración social acreditada non só no municipio, senón tamén en toda a comarca. A candidatura é a seguinte:

1. Antonio Javier Núñez Núñez- Arquitecto técnico
2. Indalecio Neira Neira - Gandeiro.
3. Bernardino González Fernández. Funcionario do HULA.
4. Pedro Sarceda González- Gandeiro.
5. José Tellado Fernández -Funcionario de Correos.
6. Sandra Díaz Álvarez- Politóloga.
7. Marisol Pillado Otero- Empresaria.
8. José Luis Fernández Rodríguez- Transportista.
9. José Fernández Neira- Empresario.

Como suplentes:

1. Miguel Rodríguez Chantres-Frigorista.
2. José María Pillado Lombardero- Xubilado.
3. José Gómez López- Xubilado.